

O CATASTRO DE MARTÍN DE GARAY NA ANTIGA PROVINCIA DE BETANZOS. O CASO DA VILA DE PONTEDEUME

Alberto González Remuiñán

1. INTRODUCCIÓN

As seguintes páxinas pretenden servir de achega a unha fonte descoñecida ao mesmo tempo que pouco utilizada: os apeos, recontos e avaliacións xerais levados a cabo polo ministro de Facenda Martín de Garay entre 1817 e 1820, tamén coñecidos máis simplemente como Catastro de Garay. Este traballo vaise centrar na análise da fonte tal e como foi atopada no Arquivo municipal de Pontedeume en particular, pero tamén fará referencias á fonte en si mesma ademais doutros fondos atopados no transcurso dunha investigación de tese doutoral nalgúns territorios das antigas provincias de Betanzos e da Coruña. O traballo cumpre así tamén un importante labor de presentación e divulgación, para dar a coñecer unha documentación descoñecida até o de agora pero de grande utilidade, abrindo con isto aínda que sexa modestamente, novas posibilidades de investigación.

O catastro de Garay xurdiu ante a necesidade de contabilizar as propiedades e os bens dos habitantes presentes nos territorios españois, concretamente aqueles que se poderían encadrar dentro do rural e que servirían para cumprir o obxectivo de ter dispoñíbel unha estatística o máis completa posíbel sobre a que elaborar o reparto dunha nova contribución no marco da elaboración dun tamén novo sistema de facenda. Este sistema foi posto en marcha precisamente polo ministro de Facenda Martín de Garay, quen buscaba substituír todos os antigos corpos e formas recadatorias por outra nova ao tempo que única, e por iso en aparencia máis sinxela e apropiada. O documento que dispón o comezo de toda esta empresa foi o Real decreto do 30 de maio de 1817 “*para o establecemento do sistema xeral de facenda: instrución para o repartimento e cobranza da contribución do Reino*”. A nova forma de recadación que nel se postula foi coñecida como Contribución Única e cambiaría de xeito radical o sistema de facenda da época.

As posibilidades que ofrece esta fonte de cara aos historiadores son moitas e moi diversas, e por iso neste traballo preténdese chamar a atención sobre unha fonte até o de agora moi pouco empregada. Polos datos que contén permite numerosos estudos sobre un

amplio abano de temas relacionados coa realidade agraria e gandeira da época. Pero tamén favorece investigacións nun marco de corte máis social, xa que en ocasións os fondos presentan datos substanciosos sobre fogares e familias. Por suposto existe tamén a posibilidade de desenvolver estudos de tipo xeográfico moi concretos a nivel local, posto que a documentación atopada na maioría dos casos vai incluso máis abaixo do nivel da parroquia para recoñecer topónimos e lugares con grande precisión, tales como outeiros, montes veciñais concretos, agras e mesmo camiños ou corredoiras. Con menos frecuencia aínda que se teñen visto casos en diversos arquivos, os peritos encargados de facer os recontos chegan a incluír os límites detallados das parroquias nas que desenvolven o seu traballo, recollendo fontes ou lavadoiros.

Pero do mesmo xeito, o catastro de Garay non é importante soamente pola información que ofrece, senón tamén polo propio momento no que se leva a cabo a súa elaboración, isto é, no período comprendido entre 1817-1820. A fonte proporciónanos unha visión complementaria a outras que aparecen tanto antes como despois, como poden ser o propio Catastro de Ensenada, tan coñecido e empregado en investigacións históricas, como os amillamentos que aparecerán anos máis tarde e xa na segunda metade do século XIX a raíz da reforma tributaria introducida por Mon en 1845. O catastro de Garay pode presentarse así, pese a ser unha das fontes desta natureza máis descoñecidas e menos empregadas da nosa historia contemporánea, como unha documentación capaz de presentarnos o estado das cousas nunha época moi complexa na que debido á Guerra de Independencia o sistema económico se atopa en serios problemas. E non soamente iso, senón que precisamente é o produto dun intento para cambiar as cousas e tratar de estabilizar a lamentabel situación na que se atopaba o sistema de Facenda Pública. A fonte esténdese a toda a realidade rural, o que neste momento se traduce na enorme maioría do territorio baixo o control da monarquía, pois os únicos lugares que deberían quedar fóra do novo sistema de recadación serían soamente as capitais de provincia e os chamados portos habilitados, que no caso do territorio galego incluían enclaves como Ferrol. Nestes lugares pagaríanse os coñecidos como “Dereitos de Portas”. Quedarían tamén excluídos polo seu réxime fiscal especial os territorios vascos e Navarra.

Ademais de todos eses datos de carácter económico e social, a elaboración do catastro xerou outro tipo de documentación de grande interese, como son as actas das xuntas de repartimento, a través das cales podemos analizar a auténtica forma na que os traballos de apeo e cobro de impostos se desenvolvían na realidade. Baixo o funcionamento teórico e sobre o papel que contemplan os decretos que dan forma ao novo sistema de recadación, existen toda unha serie de procesos e problemas para que todo isto se levase a cabo. O caso particular de Pontedeume resulta moi útil neste aspecto, xa que sendo a vila cabeza do seu territorio circundante naquela época formouse no seu seo unha destas xuntas. Os datos recentemente atopados no arquivo municipal inclúen as actas da citada xunta de repartimento, que se encargaba da organización, posta en marcha e execución dos apeos. De igual forma tamén se ocupaba de xestionar e controlar o correcto cobro dos

pagos que resultaban deses recontos na zona arredor da vila e que se compoñía dun total de vinte e seis parroquias. Sobre este tema volveremos máis adiante de xeito detallado.

2. CONTEXTO HISTÓRICO

Partimos de entrada dunha situación de ruína da Facenda Pública da monarquía de Fernando VII despois do proceso da Guerra de Independencia contra a Francia de Napoleón. O preámbulo do real decreto que postula o novo sistema de recadación da facenda funciona como xustificante do mesmo e sérvenos para comprender os motivos detrás dos intentos para melloralo. Nese preámbulo abundan as descrições sobre a situación que se vive na época, e precisamente para entender o contexto citamos algunhas delas:

“Mis pueblos y todas las naciones saben qual era el estado de la España en el año de mil ochocientos ocho (...) Los gastos excedieron en tal cantidad los productos de las rentas, que se usó de todos aquellos fondos particulares: los establecimientos se arruinaron: se creó papel moneda en abundancia extraordinaria: los bienes mas sagrados se pusieron en venta: el Estado se sobrecargó inútilmente con los capitales de estos bienes vendidos y sus réditos: la deuda creció hasta lo sumo: y el descrédito, como era natural, acompañaba a todas las operaciones del Gobierno (...) Con tales circunstancias, la España llegó a hallarse sin recursos, sin fuerzas y obligada a admitir en su seno un enemigo extranjero, que se complacía en su premeditada destrucción”.

A débeda da monarquía acrecentárase máis aínda tras a volta do monarca e a situación resultaba insostibel. No mesmo preámbulo tamén se nos ofrecen algúns datos importantes pola súa concreción, tales como a débeda contraída pola monarquía neste momento, ao tempo que podemos ver como se van sentando as bases para un novo sistema de facenda para tratar de solucionar esta situación na que a monarquía estaba inmersa:

“La deuda pública se había acrecentado durante la guerra hasta lo infinito (...) Tres años se han pasado desde mi vuelta al reino (...) Es verdad que la deuda se ha hecho mayor por necesidad; que la antigua, la del reinado anterior y la nueva de los últimos tiempos forman una suma considerable (...) Mis vasallos conocerán algún día el precio de mi previsión, de la resistencia que siempre opuse a todo pensamiento de imponer nuevas contribuciones a los pueblos; reservando para tiempo oportuno, como creo es el presente, la organización de un sistema no de arbitrios siempre ruinosos a los pueblos, y sí general de hacienda, que pudiese fundarse en sólidos prin-

cipios, sin mezcla de arriesgados métodos, dudosas teorías y complicadas operaciones (...) Importando los valores totales de las rentas de la corona quinientos noventa y siete millones ciento veinte y seis mil novecientos ochenta y siete reales, y los actuales gastos de mil cincuenta y un millones setenta y siete mil seiscientos cuarenta reales, resultaba la falta de cuatrocientos cincuenta y tres millones novecientos cincuenta mil seiscientos cincuenta y tres reales”.

Polo tanto, ante esta delicada situación tiveron que tomarse medidas para tratar de sanear o sistema de facenda e mellorar a súa capacidade de recadación, pois a débeda externa e de crédito que asolaba á monarquía era de feito insoportabel, superando amplamente os ingresos que o sistema de facenda producía. O intento máis sólido para tratar de inverter esta situación foi de feito o proxecto que desenvolveu o ministro de Facenda Martín de Garay. As claves e os obxectivos desta empresa están ben explicadas por Miguel Ángel Bringas Gutiérrez en dous pequenos pero moi completos artigos sobre o catastro de Martín de Garay¹.

O obxectivo que se propoñía con este proxecto Martín de Garay, quen fora nomeado ministro de Facenda en 1816, non sería outro que o de tratar de simplificar o complexo sistema de recadación de impostos que rexía na época, abolindo as rendas provinciais e os seus equivalentes na Coroa de Aragón, para cumprir ese desexo de dar ese impulso tan necesario á Facenda Pública que se atopaba nunha situación desesperada. Para lograr isto, Garay propoñía suprimir as rendas provinciais e os seus equivalentes na Coroa de Aragón. O documento que dispón o comezo de toda esta empresa é o Real decreto do 30 de maio de 1817 “*para o establecemento do sistema xeral de facenda: instrución para o repartimento e cobranza da contribución do Reino*”. O devandito decreto inclúe tamén un corpus de artigos adicados a desenvolver o sistema de formación das xuntas que se encargarían de organizar e coordinar os apeos e o correcto cobro das novas rendas con data do día seguinte.

No plano do novo ministro de Facenda había dous cambios de grande envergadura. O primeiro deles era precisamente a supresión das antigas rendas e a súa substitución por unha única contribución que afectaría a todo o territorio coas excepcións xa citadas, quedando deste xeito establecido un sistema que combinaba rendas directas sobre a produción no rural con cobros indirectos de dereitos de portas nas capitais de provincia e nos portos habilitados. A segunda novidade, máis importante se cabe que a anterior, era que o novo sistema afectaría por igual a todo o mundo sen distinción de clase ou condición. Este sería precisamente o motivo que levaría a fracasar esta reforma do sistema de facenda, pois provocou descontento entre todos os grupos sociais: entre o campesiñado, temeroso de que os cambios desen lugar a una suba considerábel dos impostos a pagar, e tamén entre as clases privilexiadas, que vían os seus privilexios severamente ameazados e de feito

1. BRINGAS GUTIÉRREZ, Miguel A.: *Un catastro poco conocido: el apeo y valoración general de Martín de Garay, 1818- 1820* en revista “CT Catastro”, n.47, 2003, p. 143-160. Outro artigo sobre o propio catastro sería *Estructura documental de los Cuadernos Generales de la Riqueza de Martín de Garay, 1818-1820* en revista “CT Catastro”, n. 64, 2008, p.79-110.

superados, por esta reforma impulsada polo ministro Garay. Foron definitivamente estes motivos os que conduciron o proxecto a un fracaso final moi temperán que se traduciu no cesamento do ministro de Facenda do seu cargo en setembro de 1818 e a súa substitución por Xosé de Imaz. A continuación algúns dos seus colaboradores no ministerio favoreceron a continuación dos apeos até 1821 en algunhas zonas do territorio². No caso dos territorios que aparecen nas fontes localizadas neste estudo, os recontos con data máis recente rematan a finais de 1819 ou principios de 1820.

3. A FONTE. O CATASTRO DE MARTÍN DE GARAY

Os fondos deste catastro son dunha utilidade considerábel, xa que permiten obter unha radiografía detallada sobre o estado da agricultura da época nun arco de arredor de dous ou tres anos nos casos dos lugares onde a fonte se conserva. Tamén inclúen importantes datos económicos sobre rendas, prezos de numerosos produtos, valoración de terras, casas e outros bens inmobles, podendo ser utilizados mesmo como padróns de moitos pobos e vilas, xa que adoitan incluír índices de veciños. De novo podemos remitirnos ao Real decreto do 30 de maio para comprender a que vai ser a organización do catastro. Para comezar, xa no preámbulo se nos mostran algunhas das características que vai ter este novo sistema de facenda, pero segundo avanzamos no decreto atopamos dous corpus diferentes de artigos cunha finalidade distinta aínda que complementaria. O primeiro deles conta con sesenta artigos e senta as bases dun sistema austero e de contención de gasto por parte da coroa, ao tempo que establece a supresión de facto das tradicionais rendas provinciais e a súa substitución por un novo sistema no que todas elas se funden nunha soa contribución (a través dos artigos 18 e 20). De cara á elaboración dos apeos, este corpus é importante porque indica (no seu artigo 32) o momento a partir do cal se deberían iniciar as tarefas de cobro, ademais dos prazos do ano nos que os ditos cobros se terían que realizar:

“Inmediatamente que se publique este Real Decreto se procederá al repartimiento provincial de pueblos é individuos, con las formalidades que señalaréis por instrucción, de tal modo que pasados todos los términos, se egecute la recaudación precisamente desde el día primero de Setiembre del presente año de mil ochocientos diez y siete. Para lo sucesivo se verificará siempre por cuatrimestres o tercios de año. En el día primero de setiembre próximo se ha de recaudar la parte de contribución anual correspondiente a los dos tercios que estarán vencidos en aquella fecha”.

O segundo corpus, ao que nos referiamos dentro do real decreto, consta de trinta e nove artigos e é quizais aínda máis interesante que o anterior, xa que cumpre a función de

2. BRINGAS GUTIÉRREZ, Miguel A.: 2003, *op. cit.*

manual de instrucións para o repartimento e a cobranza desa contribución única. Hai que destacar o feito de que este decreto se difundiu, como resulta lóxico, por todo o territorio da monarquía co obxectivo de difundir as bases do novo sistema e poñelo en marcha canto antes, de tal xeito que resulta bastante común atopar copias impresas do mesmo en distintos arquivos municipais. No caso do Arquivo municipal de Pontedeume, a copia aparece perfectamente conservada e completa, co seu preámbulo, ambos os dous corpus de artigos, unha serie de catro bulas papais polas que a Santa Sé realiza unha serie de concesións á coroa e incluso un conxunto de táboas e modelos de exemplos para a correcta posta en marcha dos apeos.

Dentro dos contidos dese real decreto, o que resulta máis importante de cara á análise que aquí de fai do catastro de Garay como fonte é sen dúbida o segundo corpus de artigos que acabamos de citar e que recibe o nome de “instrución para o repartimento e cobranza da contribución”, xa que dá forma e desencadea todo o proceso, funcionando como o seu documento máis básico. É dicir, que toda a estrutura que virá despois e que organizará os traballos de apeo propiamente ditos xorde a partir das directrices contidas neses trinta e nove artigos. Os primeiros están adicados a definir o proceso mediante o cal se pasa dunha cantidade total a recadar en todo o territorio da monarquía a outra proporcional a cada provincia e de aí a outra final e igualmente proporcional a cada pobo. O intendente tiña a obriga de comunicar esa cantidade a todos os pobos, valéndose da axuda das Xuntas (artigo número 8). De grande importancia entre todos estes artigos iniciais resulta o número 6, xa que establece os territorios que se verían sometidos ao pago da contribución única:

“(…) tendrase presente que subsistiendo la administración y cobro de derechos en el casco de las capitales y puertos habilitados, se han de se han de comprender en el repartimiento los productos de la agricultura, industria y comercio del término territorial anejo a las mismas capitales y puertos, aunque residan en estos los propietarios”.

Se ben con anterioridade se apuntou que os únicos territorios excluídos da contribución eran as capitais de provincia e os portos habilitados (ademais das zonas vascas e Navarra polo seu réxime fiscal especial), agora queda ben claro que esa excepción se aplicaría soamente no que poderíamos chamar área de intramuros. Todo o que quedaba incluído no termo territorial e que non era parte da cidade propiamente dita quedaba tamén sometido ao pago da contribución. Por outra banda e continuando coa análise, os artigos 12 ao 14 son algúns dos máis importantes xa que establecen a creación das mesmas, encargadas de coordinar e de controlar o repartimento individual e de ser depositarias das cantidades pagadas mentres non remataba a recadación na súa totalidade. O artigo doce establece concretamente os integrantes destes organismos:

“Para el repartimiento individual, tanto en las capitales y puertos habilitados por lo respectivo a su territorio (...) como en todos los demás pueblos de la provincia, se formará una Junta compuesta del Corregidor o Alcalde Mayor, del R. Obispo, si lo hubiese, o persona eclesiástica que dipute, del Cura párroco más antiguo, si no hubiese Obispo, del Regidor decano, Síndico personero o del común, y del secretario del ayuntamiento sin voto. En los pueblos en donde haya mas de un Párroco concurrirá el mas antiguo”.

O primeiro deber destas persoas que constitúen cada Xunta de repartimento era o de nomear (segundo indica o artigo 13) dúas persoas por cada pobo ou parroquia capaces de sinalar os repartimentos individuais. Estes individuos debían xurar o seu cargo e era de esperar que fosen escollidos entre os veciños da propia parroquia polo coñecemento que terían sobre o territorio. Coa elaboración do apeo calculábase a riqueza de cada veciño da parroquia, o que resultaba nun imposto proporcional sobre a cantidade total que se tivera establecido para cada parroquia en concreto. Segundo o artigo 14, a esa cantidade total engadíase un tres por cento que se destinaba a gastos de elaboración dos propios apeos.

Moi importante tamén resulta o artigo número 15, posto que recolle as persoas que van ser incluídas nos cobros da contribución única, ademais dos produtos aos que afectaría o cálculo da súa riqueza persoal. Tal e como figura a continuación, inclúense os eclesiásticos e tamén os veciños doutras parroquias que teñan bens na parroquia en cuestión sobre a que se realiza o apeo:

“Serán contribuyentes todos los vecinos del pueblo, y los hacendados forasteros por las haciendas, ganados, oficios, tratos, comercio y utilidades que les resulten en el término de cada uno. Igualmente lo serán los eclesiásticos seculares y regulares, las manos muertas por las tierras, casas, frutos y rentas de cualquiera especie que disfruten; exceptuándose solamente los primeros en la parte de diezmo y derechos de estola”.

Os peritos, unha vez realizados os repartimentos, deberán comunicarllos á Xunta (artigo 16) para que esta estime se é necesario realizar algunha corrección e elabore o caderno xeral (artigo 17) onde figurarían todos os individuos contribuíntes coas cantidades que lles tocaría pagar. O catastro debería incluír ademais en detalle as persoas non contribuíntes en situación de pobreza (artigo 18), de aí que a fonte poida resultar útil tamén como padrón, pois pese a ser unha fonte con finalidade fiscal debía facer constar a todos os individuos de cada pobo.

Os seguintes artigos, concretamente do 19 ao 27, recóllen as disposicións relativas á publicación dos cálculos de apeo, así como mecanismos e prazos para reclamacións de agravios, solución dos mesmos e execución final do repartimento unha vez solucionados

todos os posibles problemas. O artigo 28 establece os prazos de recadación dos cobros, do mesmo xeito que xa se fixera no artigo 32 do corpus anterior. Os seguintes artigos recollen solucións a posibles dúbidas sobre a circulación de produtos procedentes de América, o seu paso polas aduanas ou os posibles conflitos que poidan xurdir entre esta nova lexislación e outras xa existentes.

Volveremos a vista a continuación sobre os diferentes tipos de fondos ou tipoloxías de datos que podemos atopar cando consultamos a documentación xerada na elaboración do catastro de Garay. Falamos por un lado dos apeos propiamente ditos que consultamos en forma de borradores e, polo outro, das actas das Xuntas de repartimento que van aparecendo segundo desenvolven os acontecementos e tómanse decisións, sexan do tipo que sexan, no marco deses organismos coordinadores. Nos seguintes dous apartados falaremos polo miúdo de ambo os dous tipos de fondos, da súa estrutura máis común, da información que presentan ou dalgunhas das posibilidades de estudo que poderían presentar.

No marco da investigación que dá lugar a estas páxinas, os apeos compoñen case a totalidade da documentación que figura no Arquivo municipal de Betanzos. Até o comezo deste traballo, estes eran os únicos fondos localizados na Comunidade Autónoma de Galicia do catastro de Garay. Os recontos de bens das parroquias que se localizaron nos fondos deste arquivo correspóndense cos concellos actuais de Paderne, Oza-Cesuras, Bergondo, un caso único no de Monfero, e especialmente Abegondo, onde se sitúan máis da metade de parroquias baleiradas no arquivo betanceiro. Outra parte importante dos apeos atopados descansan no Arquivo municipal da Coruña e localízanse por exemplo no actual termo municipal da mesma cidade, extramuros, e sobre todo no concello de Culleredo. Hai tamén unha parroquia que pertence na actualidade ao concello de Tordoia. Pola súa parte, o Arquivo municipal de Pontedeume recolle soamente as cantidades que lle son asignadas ás vinte e seis parroquias baixo a súa administración, ademais dunha táboa resumo da riqueza individual dos habitantes e principais institucións relixiosas da vila, na que por desgraza non se entra demasiado en materia e onde soamente se dan algunhas cifras por ramas económicas. A calidade destes recontos é polo tanto moi variable como veremos no seguinte apartado, e vai dende recontos que deixan moito que desexar totalmente incompletos, a auténticos censos parroquiais de terras, gando, vivendas e familias.

No relativo ás actas das Xuntas de repartimento a súa distribución cambia de xeito significativo, xa que por exemplo non se atopou nada no Arquivo de Betanzos. O Arquivo da Coruña tamén conserva as actas dalgunhas sesións, pero esta tipoloxía é especialmente importante nos arquivos municipais de Ortigueira e Pontedeume. A totalidade dos fondos atopados en Ortigueira componse precisamente de actas da súa Xunta de repartimento, pero onde realmente son de máis axuda é en Pontedeume, debido á orde que presentan, ao completas que son ou á variabilidade de situacións ás que responden. As actas da Xunta de Pontedeume recollen todas cantas decisións se tomaron no seo deste organismo e todos os problemas que tivo que afrontar. Presentando unha estrutura de diario ten entradas

case que todos os días, e en ocasións máis dunha cada vinte e catro horas. Unha documentación moi útil para coñecer o tipo de problemas aos que estes organismos se enfrontaban no seu quefacer cotián e que nos permite ir máis alá do nivel lexislativo e teórico do seu funcionamento que podemos ver por exemplo no real decreto que analizamos un pouco máis arriba. Comezamos agora si a falar destas dúas tipoloxías, comezando polos apeos.

3.1 OS APEOS

A elaboración dos apeos e recontos da riqueza en cada parroquia era o proceso máis importante para a correcta marcha da empresa desta nova contribución que se estaba a implantar. Como xa apuntamos, estes apeos permitían coñecer a riqueza persoal de cada individuo afincado nunha parroquia ou con posesións na parroquia concreta na que se está a realizar o apeo. Coñecendo esta riqueza individual e coa cantidade que a esa parroquia se lle asignara pagar na man, os peritos repartidores asignábanlle a cada persoa a cantidade que lle correspondía de xeito proporcional. Este cálculo debía realizarse en todos os pobos e parroquias peninsulares a excepción das zonas que xa comentamos no apartado anterior. É necesario falar neste apartado dos datos que podemos atopar cando manexamos a documentación dos apeos do catastro de Garay, analizando tamén algunhas das posibilidades que *grosso modo* permiten de cara á investigación. Por último e antes de pasar ao apartado das actas das Xuntas de repartimento, comentaremos tamén os problemas aos que nos enfrontamos cando temos diante este tipo de documentación.


Comezando polo tanto no apartado de tipos de datos que nos podemos atopar cando consultamos a documentación dos apeos e recontos do catastro diferenciamos varias categorías: censos relativos a inventarios de terras, censos gandeiros, censos de edificios e censos que podemos chamar familiares. A diversidade de información é variábel entre unhas parroquias e outras, incluso en zonas que se atopan moi próximas unhas das outras. Pese a que coas copias do Real decreto do 30 de maio de 1817 e a instrución para a cobranza da contribución do 1 de xuño se inclúen modelos impresos que funcionan a modo de exemplo ademais de táboas para a elaboración de resumos que favorezan a consulta da información recollida, algúns apeos gozan de información moito máis completa e detallada. A vontade de actuación dos peritos repartidores neste caso quizais teña moito que ver, pois como persoas designadas por unha xunta que son, poden cumprir mellor ou peor o seu traballo. Noutros casos simplemente é posíbel que soamente se conserven uns padróns determinados e outros non. Por exemplo pode darse o caso de que nunha parroquia se teña realizado toda a recollida de información nun caderno individual e que ese caderno chegue aos nosos días con todos os datos, ou non, e pode ser tamén que a información se recolla nun caderno de terras, outro de gando e outro de familias, e que algúns deses cadernos se perdan no tempo. As posibilidades de conservación ou perda de material neste aspecto son moitas e moi diversas como calquera poderá imaxinar, así que non realizaremos máis valoracións ao respecto. Hai que apuntar previamente ademais que o que nós

atopamos no transcurso da nosa investigación son os borradores dos ditos apeos, un detalle que pode explicar que os datos que nos atopamos nas diferentes parroquias poidan experimentar unha variabilidade considerabel ou estar máis ou menos completos.

Entrando xa en materia comezaremos a falar da información que nos podemos atopar segundo as categorías que se citaron un pouco máis arriba. Abordamos esta información dun xeito particular, comezando a analizar aquilo que atopamos máis a miúdo e indo cara aos datos que aparecen de xeito menos frecuente ou esporádico. Por exemplo, os censos ou recontos de terras son moi frecuentes, e por iso falamos antes deles que dos recontos que inclúen datos familiares. Igualmente, dentro dos recontos de terras, o tamaño das parcelas é máis frecuente que os datos concretos sobre o que se cultivaba nelas, e por iso serán antes analizados os primeiros que os segundos.

3.1.1 Inventarios de terras

Os criterios de ordenación neste tipo de recontos poden ser dous: por unha banda pode figurar o nome dos veciños, un por un, e a partir de aí as parcelas que posúe cadaquén. Neste caso, as parcelas en réxime de cesión sexa cal sexa o tipo, aparecen adscritas ao veciño que ten o dominio útil, é dicir, á persoa que explota esa parcela de terra. Cando rematan de enumerarse as parcelas dun veciño pásase ao seguinte e así sucesivamente. O outro criterio é o do lugar onde se sitúan as parcelas. Neste caso aparece unha localización,



Andrés Vazquez		Produccion	Propietarios
Sitio de las piezas	no de Ferr. Calid. clase de terr. Valor Cap. Supe. Area Cultivada		
Una pieza abierta en el agros de el corral que lleva en arrendamiento	12. 2. ^a Labrad.		De la misma.
Sitio de sobre la Cruz			
Labradío una pieza abierta en el agros cerrada de este nombre que lleva en arrendamiento	7 1/2. 3. ^a Labrad.		De la misma.
Sitio de la Pedrueira			
Una pieza cerrada de silbaya en este sitio, que lleva por arrendamiento	8. 3. ^a Labrad.		De la misma.
Sitio de las Ribas			
Una pieza abierta en el agros cerrada de este nombre, que lleva por arrendamiento	5. 2. ^a Labrad.		De la misma.

Imaxe 1: Detalle das terras dun veciño de Santa Dorotea de Folgoso, no actual concello de Abegondo. Inclúe características da parcela, lugar no que está, tamaño en ferrados, calidade, uso e propietario

poñamos por caso a Agra de San Cosme, e a partir de aí todas as parcelas que figuran no citado lugar. Ao rematar de inventariar esa zona, pásase a outra até cubrir toda a parroquia. Seguindo este criterio, menos frecuente que o anterior, ao lado de cada parcela adoita figurar o dono ou o veciño que explota a dita parcela.


Podemos atoparnos con diferentes datos nestes inventarios, que son os que expoñemos a continuación. Falamos aquí sobre todos dos recontos que teñen como criterio de ordenación o nome dos veciños por ser os maioritarios. O primeiro dos datos que conteñen estes apeos é precisamente ese, o nome dos veciños da parroquia, anotándose tamén en ocasións o lugar concreto no que habitan. Non resulta redundante que citemos este dato novamente, xa que resulta útil analizar as posibilidades que nos ofrece. En primeiro lugar, que nos veñan dados os nomes de todos os veciños serve como padrón veciñal, é dicir, que con este dato podemos saber o número de veciños que habitan na parroquia. Incluso aqueles que non teñen terras ou bens doutro tipo e que se atopan en situación de pobreza están incluídos na enorme maioría dos casos, pois de feito facelos constar nos recontos era obrigatorio segundo o artigo 18 da instrución para o repartimento e a cobranza da contribución, no que se di que “*se han de comprender con millar en blanco los vecinos que no contribuyan*”. Por outra banda, tamén se inclúen os nomes dos forasteiros doutros lugares con bens na parroquia na que se realiza o apeo e xeralmente o seu lugar de residencia, o que nos permite rastrexar as posesións dalgúns individuos máis alá do seu lugar de residencia.

O segundo dato máis frecuente é o lugar no que se atopa a parcela que se está a inventariar. Despois de nomear a un veciño en concreto enuméranse as parcelas que posúe, ordenadas xeralmente polo criterio de localización. Aquí hai referencias a agras, camiños e montes concretos, ou simplemente lugares que se atopan dentro da parroquia. Isto dános unha información importante sobre a parroquia en si mesma, xa que probablemente estes nomes teñan perdurado no tempo en moitos casos até os noso días, o que permitiría, no marco de estudos a nivel micro, observar os cambios aos que se viu sometido o territorio. Ou podemos ver tamén en que áreas da parroquia se concentran os terreos de veciños en concreto, por exemplo. A continuación dos lugares de localización, outro dato que aparece con moita frecuencia é o do tamaño das parcelas, expresado por norma xeral en ferrados e quizais nalgunha das súas divisións, os cuartillos ou as concas. Con menor frecuencia empregase, aínda que se localizaron algúns casos, a medida das terras en fanegas superficiais ou en estadais cadrados. As posibilidades que ofrece este dato, que ademais é moi numeroso, son tamén moi interesantes, xa que nos axuda a calcular facilmente a extensión media das parcelas nunha determinada parroquia e a súa comparación con outras, do mesmo xeito que nos permite facernos unha idea da extensión total que unha familia podía cultivar e administrar con só sumar a extensión de todas as parcelas dun veciño en concreto.

Continuando cos datos que nos podemos atopar nos recontos, con moita frecuencia atopamos tamén a calidade da terra da parcela. Nesta sección a cada parcela asígnaselle unha categoría podendo quedar como de primeira, de segunda ou de terceira cali-

dade. En algunhas ocasións estes grupos aparecen divididos á súa vez en tres subcategorías que van tamén dende a primeira até a terceira. Deste xeito temos que a mellor calidade de todas é a primeira de primeira, vindo a continuación a segunda de primeira, a terceira de primeira, a primeira de segunda, e así sucesivamente até chegar á calidade terceira de terceira, a inferior de todas e que normalmente se lle asigna a terreos a monte. Coñecer a calidade da terra é moi importante por exemplo para estudar e avaliar os rendementos da mesma. Polo menos entre as parroquias que foron analizadas no marco deste estudo, non foi raro que en ningún caso existisen parcelas de primeira calidade, sendo as mellores terras xa de segunda. A variábel calidade é moi importante de cara aos recontos deste catastro, xa que cada categoría ten uns rendementos asociados para cada zona e que poden variar dunhas ás outras, o que influía directamente no cálculo do valor da parcela. Non é raro que o apartado de calidade da terra se transforme nunha categoría que inclúa características xerais das parcelas, na que podemos atopar principalmente dúas cousas: por unha banda a xa mencionada calidade, mentres que pola outra pode figurar tamén o réxime de propiedade. Unha simple palabra dános a entender que a parcela en cuestión é propia ou está cedida en réxime de foro ou arrendamento. Este dato é tamén moi importante para estudos sobre a tenza da terra.

Os datos anteriores aparecen case que en todos os casos das parroquias atopadas. Menos a miúdo aparece xa o cultivo concreto das parcelas inventariadas, incluíndo aquí tamén as árbores presentes nelas. Esta sección aparece nunha porcentaxe considerábel dos apeos consultados, pero xeralmente incompleta. Por exemplo, resulta case imposible atopar un inventario que fale de cultivos como os cereais, pero nesta sección pódense detectar con bastante precisión outros tipos de usos e cultivos, especialmente as eiras e as hortas. A miúdo atopamos un grupo de parcelas que cultiva un único veciño, de xeito que soamente se sinala que parcela é unha eira ou cal unha horta, dándose tamén neste caso o



Renta y pensiones que paga Juan de Santin

et D. ^o Pedro Prad de Yunquebada	1101	7 ^o fan. trigo
et D. ^o Romualdo Gobernador de la coruña		6. d -
et D. ^o Juan Ramon 13 f ^o de 3 ^{ta} de Siquencia		3. d -
et D. ^o Manuel Arany de la cor.		5. d -
et D. ^o Estaniso Blanco de la cor.		4. d -
et D. ^o Luis Varela de Suyo	141	2. d -
et la memoria de Ramon de Siquencia		1/2 d -
et D. ^o Ramon Prad memoria de la cor.		36. d -

Imaxe 2: Detalle das rendas que paga un veciño do lugar de Santín, parroquia de Santa Cristina de Montouto, no actual concello de Abegondo (1819). En ferrados de trigo e en diñeiro

número de árbores que poida ter. En ocasións tamén se sinalan cales son montes, as viñas, ou cales quedan destinadas a pasto ou prado. Porén, a información desta categoría varía moito e depende probabelmente da vontade do perito que fixo o reconto. Sobre os montes, pode figurar se son de toxo ou de árbores, podendo aparecer mesmo a especie ou o número delas. En canto ás viñas pode aparecer o número de cepas ou non. No tocante aos prados, ás veces indícase se son de regadío ou de secaño.

Máis infrecuente aínda resulta a presenza dun apartado de rendas sobre as terras. Se ben xa apuntamos que o réxime de tenza era un dato que aparece con bastante frecuencia, outra cousa moi diferente podemos dicir das rendas que pesan sobre as parcelas. O raro neste caso é directamente atopalas. Cando aparecen adoitan facelo en paquetes, é dicir, que sobre un conxunto de parcelas pesa unha determinada renda que aparece especificada. A tipoloxía destas rendas é realmente variábel e pasa por cantidades en especie, e diñeiro, ou mesmo misas. E en semellante situación á das rendas atopamos a dos destinatarios das mesmas. Tamén resulta curioso observar que nalgúns casos quedan na parroquia ou moi preto dela, mentres que outras veces acaban en institucións relixiosas de zonas como poden ser Santiago, por exemplo.


Xa como nota final a esta sección, temos que indicar que os datos que aparecen con menor frecuencia son os referentes á valoración, tanto de parcelas como de froitos producidos polas mesmas. Resulta practicamente imposible atopar unha parroquia que inclúa estes datos, algo que se pode explicar polo feito xa apuntado de que a fonte que consultamos realmente é un conxunto de borradores dun reconto e non o reconto definitivo en si mesmo. Isto provoca quizais que o cálculo final quede fóra destes borradores e fose directamente apuntado noutros documentos destinados a elaborar os Cadernos Xerais.

3.1.2 Inventarios gandeiros

Os inventarios gandeiros son o segundo corpus de datos que de xeito máis frecuente atopamos dentro dos borradores de apeos que consultamos nos arquivos municipais visitados para esta investigación. Este tipo de recontos non son tan comúns como os inventarios de terras, pero aínda así temos atopado moitos no transcurso desta investigación. Como apunte previo de localización, salientamos o feito de que soamente atopamos datos deste tipo en Betanzos e na Coruña. Procederemos neste apartado do mesmo modo que fixemos no anterior, isto é, comezando por analizar aqueles datos que localizamos nos recontos cunha frecuencia maior e indo cara a aqueles que aparecen menos veces.

A especie e o número de cabezas que un veciño da parroquia concreto posúe son os datos que máis veces se nos proporcionan e sempre aparecen da man. É dicir, que cando se di que un individuo ten gando dunha especie, en todos os casos consultados se indica ademais o número de cabezas. Nesta sección pode aparecer tamén algún detalle máis sobre os animais en concreto, pero isto depende de novo da vontade do perito repartidor en

cuestión que está a elaborar o reconto. Así hai cadernos nos que nos atopamos con que un veciño ten simplemente “un ganado cerdoso”, pero hai inventarios que inclúen o sexo do animal, ou mesmo a súa utilidade, aparecendo por exemplo “una cerda de cría” ou “un puerco de ceba”. Do mesmo xeito hai peritos que diferencian as vacas que son destinadas a labranza ou os cabalos das eguas. Hai que destacar tamén que nesta sección de especies figuran tamén, no caso de que existan na parroquia en concreto, as colmeas de abellas. Neste caso, se hai máis dunha tamén se indica o número que o veciño posúa. Estes datos permítenos calcular un censo de animais da parroquia, analizar a súa distribución por unidades familiares ou ver como se reparten os animais entre os veciños en función das terras que posúan.



Ganadería		
4 ^o	2 Vacas 2 Labranza	su valor 460.
4 ^o	12 Ovejas	su valor a loix 120.
4 ^o	3 Cabras	su valor a loix 430.
4 ^o	1 Cerdo 2 Crías	su valor 60.


Imaxe 3: Gando que posúe un veciño do couto de Gudín, parroquia de San Miguel de Figueroa, actual concello de Abegondo (1819)

O seguinte dato máis común nos recontos de gando despois da especie e o número de cabezas é o valor do animal, expresado en reais. Hai que apuntar que normalmente cando un animal adulto ten crías, o valor destas súmase ao da nai, dificultando un pouco en ocasións que coñezamos o valor individual de cada animal. O valor do gando tamén nos serve para coñecer indirectamente outro dato de grande importancia sobre o gando, que aparece con menor frecuencia e do que falaremos a continuación, que non é outro que a idade dos animais. Resulta lóxico que unha parella de bois de labranza novos se valoren máis que outros que xa son vellos, ocorrendo o mesmo con animais de tiro. O único animal que sendo novo ten menos valor é loxicamente o porco. A idade dos animais aparece polo tanto de xeito menos frecuente e por iso moitas veces temos que adiviñar cales son as cabezas máis ou menos vellas en función do seu valor. Poucas veces nos atoparemos coa idade expresada de xeito numérico, aínda que tamén se teñen localizado casos algunhas parroquias. O normal sobre a idade é que non apareza, ou que o faga de forma indirecta a través do valor ou doutras indicacións que dan algúns peritos cando falan de leitóns, poldros, “juvencos”, ou sinxelamente engaden unha pequena descrición indicando se se trata de animais novos ou vellos.

O derradeiro dato que nos proporcionan estes recontos de gando é o das formas de tenza que case sempre afecta ao gando bovino. Na maioría das parroquias este dato non figura, pero cando o fai pode aparecer de dous xeitos. Por unha banda dicíndose por exemplo que dous bois de labranza na casa dun veciño determinado están en réxime de arrendamento, figurando a continuación. É dicir, figura o réxime de tenza e o dono do gando, aparecendo incluso en ocasións a parroquia na que esa outra persoa reside. Outras veces non temos tanta sorte e simplemente se cita un segundo nome como dono dos animais, sen máis datos sobre a forma na que foron cedidos.

3.1.3 Inventarios de edificios

Cando falamos de edificios dunha parroquia nos recontos do catastro de Garay, hai que apuntar que o eixo central no que estes se fixan por riba de todo é o inventario das casas dos veciños. Outras construcións como poidan ser os muíños presentes na parroquia non aparecen sempre necesariamente. Polo tanto, o dato máis común que nos proporcionan estes inventarios de edificio é precisamente a relación existente entre cada un dos veciños e as súas casas, habendo individuos que poden chegar a ter máis dunha na parroquia. No caso de que algunha das casas que calquera veciño posúa se atope en estado ruinoso figurará igualmente no inventario. Do mesmo xeito, se hai forasteiros que residindo noutras parroquias teñan casas na parroquia inventariada, tamén figurarán nesta sección, xeralmente despois de todos os veciños.



Imaxe 4: Casa dun veciño do couto de Gudín, na parroquia de San Miguel de Figueroa, actual concello de Abegondo (1819). Ademais das dependencias que a compoñen e a súa valoración, figura o tamaño e o lugar onde se sitúa

O segundo dato por importancia nos recontos de edificios dos apeos é o valor da vivenda en cuestión. Este valor aparece expresado en reais e nel inflúen varios factores, como son a antigüidade da construción ou o seu estado de conservación, o tamaño ou outros equipamentos e dependencias que poida ter a vivenda, tales como cortellos ou alpendres, dos que non sempre se sinala a súa existencia no inventario. Este dato preséntase

habitualmente como unha soa cifra numérica, pero tamén pode darse o caso de que aparezan varias se a vivenda conta ademais con forno, que tamén pode aparecer valorado á parte do resto. O mesmo acontece cos hórreos e coas adegas, documentados tamén nalgunhas parroquias e habitualmente valorados de xeito individual.

A miúdo tamén nos atopamos con características xerais da vivenda que salpican a entrada do apeo reservada para cada veciño. Neste caso, esta información variada que podemos atopar sobre a casa depende unha vez máis do perito repartidor encargado de realizar o inventario. Normalmente adoitase incluír como pouco o estado de conservación da vivenda. Así fálase de vivendas de primeira vida, segunda vida e así sucesivamente, pero tamén noutras parroquias de vivendas novas, de mediano uso ou deterioradas. Realmente non se fan referencias a unha idade en concreto, pero aínda así o dato serve para facernos á idea de cales son as vivendas máis novas e máis vellas da parroquia. Outro dato que aparece con bastante frecuencia é o que indica as dependencias máis importantes da vivenda, de maneira que dunha casa en concreto o perito encargado do inventario escribiu cousas como cociña, hórreo, curral, cuadra, forno ou adega, en relación coas estruturas que estivesen en cada casa concreta. Outra das características que aparecen, xa con menos frecuencia, sería o tamaño. Aparece expresado a través da medición do longo e do ancho da casa, ou directamente en varas cadradas. O problema que se adoita presentar neste apartado vén dado polo feito de que habitualmente se nos dan medidas que serían inmensas para unha soa casa, o que leva a pensar que realmente o que se mediu de feito foi a parcela na que se atopa a vivenda, o que en moitos casos incluíría unha eira e pode que até unha horta.

Tamén podemos atopar nalgúns casos as rendas e o destinatario das mesmas, presentándose os mesmos problemas que noutros apartados. Ás veces soamente aparece a cantidade, outras soamente se di que a vivenda está arrendada ou cedida en foro, pero non se especifica renda ningunha nin destinatario da mesma. Tampouco resulta estraño que a renda pagada pola casa se sume ás rendas que se pagan polas terras, algo habitual nos contratos de foro, de feito que vexamos unha única cifra conxunta de rendas a pagar. Isto dificulta aínda máis diferenciar as rendas que se corresponden a unha cousa ou á outra.

3.1.4 Censos familiares


Abordando a análise da información contida nestes recontos do mesmo xeito que xa se fixo nos apartados anteriores, atopamos que os datos que máis comunmente atopamos son aqueles que fan referencia á composición das unidades familiares. Cando atopamos información sobre as familias, neles inclúese como pouco o nome de cada veciño e as persoas que viven con el a través da relación que exista entre eses individuos e o cabeza de casa. Así temos que normalmente será soamente ese cabeza de familia o que figure co seu nome propio, mentres que os resto das entradas para os familiares aparecerán reflectidas como esposa, fillo ou filla, neto, nai, sogra, etc. En moi poucas ocasións

atopamos que figuren os nomes destes outros individuos que viven na casa. Este dato resulta moi importante de cara a desenvolver investigacións e estudos sobre a composición dos fogares ou sobre distintos modelos familiares. De xeito abundante atopamos tamén casos nos que a continuación dese indicativo de parentesco se sitúa a idade da persoa en cuestión. A aparición deste dato resulta fundamental para un amplo abano de estudos poboacionais. Podemos calcular as idades medias dunha parroquia, o balance de poboación nova con respecto da vella ou as pirámides de poboación a nivel local, por poñer algúns exemplos de como podemos tratar este tipo de información que nos achegan os recontos. Se hai máis dun fillo nunha determinada parella, algo moi habitual, podemos observar a través das idades dos distintos fillos, mesmo os intervalos interxerénicos das nais. Observando a idade do primeiro fillo mesmo podemos aventurar datos relacionados coas idades de acceso ao matrimonio.

Tamén resulta moi interesante o feito de que nesta sección podemos atopar datos sobre ocupacións profesionais. En ocasións, e soamente para o caso do cabeza de familia en todas elas, xunto co nome de pía e coa idade pode figurar tamén a súa ocupación profesional. Na enorme maioría dos casos esa ocupación será definida como “labrador”, pero se fose outra tamén figurará do mesmo xeito, polo que nalgúns parroquias podemos identificar aos carpinteiros, ferreiros, profesores ou incluso ao cura párroco. Esta información non se estende ao resto de membros da familia, aínda que, como ben sabemos, ser labrego non é algo propio soamente do cabeza de casa, senón que é unha actividade na que todos os membros da unidade familiar participan. Incluso os máis cativos da casa poden realizar pequenas tarefas. Hai con todo unha excepción na que si pode aparecer indicada a ocupación ou o oficio dalgunha das persoas que viven nunha casa. Está-monos a referir aos caso particular daqueles individuos que desenvolven tarefas de servizos domésticos. Estas persoas figuran tamén como membros da unidade familiar xa que conviven de feito dentro da vivenda aínda que non se unan aos demais membros con lazos de parentesco ou consanguinidade de ningunha clase. Deste xeito podemos observar que xunto a fillos e fillas, esposas ou sobriños, hai tamén persoas ás que o relato se refire como criados ou criadas, e incluso algún que outro mordomo nos caso dos individuos con mellor posición económica.

Como derradeiro dato importante temos aquel que fai referencia ao estado civil dunha persoa ou que recolle a posíbel viuvez da mesma. Ás veces aparece de forma explícita a palabra viúvo ou viúva ou solteiro ou solteira xunto a ocupación e a idade da persoa en cuestión. Porén, en ocasións, o estado civil non sempre figura nos rexistros, debe ser deducido de maneira indirecta: se por exemplo atopamos a un home con fillos nun relato no que non figura unha muller que cumpra o papel de nai, sabemos sen lugar a dúbidas que estamos diante dun home viúvo. Este caso é máis complicado no caso das mulleres, xa que se vemos a unha muller en compañía de fillos pero sen figurar o seu estado civil é probábel que esteamos antes unha muller viúva, pero nunca saberemos con total seguridade que esa muller non tivo fillos como solteira. No caso de que non haxa fillos,

levar a cabo a dedución do estado civil cando este non aparece escrito é aínda máis complicado ou directamente imposible. Nestes casos nunca saberemos a ciencia certa se estamos a falar de homes ou mulleres solteiros que aínda non formaron unha familia ou de persoas que enviuvaron sen chegar a ter fillos, especialmente se no caso que temos diante nos aparece unha persoa relativamente nova en idade de estar a cabalo entre ambas as dúas posibilidades. O caso é que este dato é tamén moi revelador de cara a coñecer por exemplo as taxas de matrimonios ou elaborar estudos relacionados coa solteiría definitiva.



Estado Civil

Exercicio Estado Labrador

Casado	22
Sumoquer	20
H. 2 hijos	5
H. 2 sobrinos	14

Imaxe 5: Membros da unidade familiar dun veciño do couto de Gudín, parroquia de San Miguel de Figueroa, actual concello de Abegondo (1819). Como vemos, inclúese tamén o estado civil e o oficio do cabeza de familia

Como podemos comprobar, os datos que podemos obter destes borradores de apeos son moitos e permiten unha morea de posibilidades de investigación. Non obstante hai que ter en conta tamén unha serie de problemas que poden afectar a esta documentación e cos que se debería ter coidado para non caer en equívocos ou trampas. Para comezar, xa apuntamos que non todas as parroquias inclúen no seu apeo a mesma documentación, o que dificulta a elaboración de series ou as comparacións entre territorios nalgúns casos. Ás veces soamente atopamos un caderno en branco que inclúe un índice de veciños, dando a entender que o borrador estaba para comezar, pero que pola causa que fóra se detivo e non se completou. Outras veces soamente atopamos resumos coas cotas a pagar por cada parroquia ou por cada veciño; datos económicos interesantes sen dúbidas, pero que ofrecen poucas posibilidades para estudar o estado da agricultura, da cabana gandeira ou das familias dese lugar. A conservación tamén resulta en ocasións un problema serio, con follas de papel ilexibeis pola humidade ou que practicamente se descompoñen en anacos nas mans. A localización dos fondos non sempre é doada e ás veces os territorios que atopamos nun arquivo están a unha distancia importante das parroquias atopadas noutros.

Aínda que na teoría existen modelos impresos para facer os recontos, que foron localizados por exemplo nos arquivos municipais de Pontedeume ou na Coruña, hai que destacar que non sempre se cumpren. Como xa apuntamos varias veces, a vontade dos peritos encargados da realización dos recontos ten moito que ver co resultado final que atopamos. Pode haber omisións sistemáticas en gran cantidade de datos: especialmente complicados de atopar son as valoracións de parcelas e froitos das mesmas ou os cultivos cerealeiros. Nos apartados de animais non se atopou un só caso de xente que posuía aves, sexan da especie que fosen, o que leva a pensar que eran excluídas dos recontos de xeito sistemático. O mesmo acontece cos montes veciñais, que aparecen rexistrados en moi poucos casos. Soamente aparecen contabilizadas as parcelas a monte cun único propietario, xa que eran as que computaban para establecer a riqueza individual. Pero os montes veciñais, tan estendidos na época, non pertencían a unha única persoa nin tampouco eran propiedade dos concellos, de feito que quedaban situados nunha especie de limbo legal de cara a ser censados, resultando a miúdo na omisión directa destes terreos nos apeos.

Entrando xa a valorar os problemas aos que nos podemos enfrontar cando falamos dos rexistros individuais, hai que salientar que os bens inventariados para un determinado veciño non teñen por que ser necesariamente o total das súas posesións. Isto é debido a que os apeos se realizan parroquia a parroquia como xa sabemos, o que daría lugar a que os bens dun veciño noutras diferentes aparecerían precisamente nos apeos desas outras parroquias. En consecuencia, se un veciño tivera terras máis alá da parroquia na que reside, aparecería rexistrado na sección de forasteiros deses outros lugares, calculándose en consecuencia novas cargas económicas tamén neses apeos para ese individuo en concreto. O mesmo acontecería con ese individuo se tivera casas. Por suposto, podemos ter ou non os rexistros desoutras parroquias, de xeito que nunca poderemos afirmar que as posesións dun veciño engloban a totalidade das mesmas. Para o caso do gando sería aínda máis difícil rastrexar se un individuo ten cedidas reses noutras parroquias, pois como xa apuntamos, o dato que inclúe o réxime de tenza na sección de inventarios gandeiros é escaso. Non aparece porque o que realmente se valora de cara a establecer a cantidade a pagar por cada persoa é o produto daquilo que posúe, e por iso a quen computa realmente é á persoa que ten o dominio útil unicamente.

Até aquí o apartado que ten que ver cos apeos e recontos realizados para o catastro propiamente ditos. Pero esta documentación que nos proporciona amplos datos sobre aspectos económicos e tamén sociais pódese englobar en conxunto baixo a tipoloxía dos recontos. Existe, ademais desta, outra tipoloxía en forma de actas que é xerada pola actuación diaria e cotiá das Xuntas de repartimento e que nos permite observar de forma perfecta os detalles do funcionamento dos procesos que deron lugar a eses recontos dos que falamos nas páxinas anteriores. Pouco poderíamos dicir sobre esta documentación sen os fondos atopados nos arquivos municipais de Ortigueira e especialmente no de Pontedeume, pola súa considerabel magnitude, orde e nivel de deatalle. Imos logo coa análise

desta documentación, centrándonos no caso particular da información obtida na comarca eumesa.

3.2 AS ACTAS DAS XUNTAS. O CASO PARTICULAR DE PONTEDEUME

Os datos de corte económico que xera o proceso de elaboración do catastro e que eran os que realmente interesaban aos coetáneos da época para calcular as rendas netas sobre as que se repartiría a contribución individual non son os únicos datos que temos hoxe en día dispoñíbeis. A elaboración do catastro xerou outro tipo de documentación na época que agora chega até nós e que nos permite comprender dun xeito extraordinario o proceso polo que os apeos ían tomando forma. Referímonos ás actas das xuntas encargadas de coordinar os repartimentos e de que todo se desenvolvese como era debido de acordo coas ordes que chegaban dende a xunta central. Esta documentación presenta unha estrutura tipo diario, e nelas, un escribán anota a acta do día de todas e cada unha das reunións que a Xunta de repartimento desenvolve no marco dos traballos de elaboración dos cálculos de riqueza e dos repartimentos individuais. No caso de Pontedeume, dende o primeiro día de funcionamento da súa respectiva Xunta de repartimento, sempre que había que tomar unha decisión ou afrontar un problema, o escribán introducía unha nova entrada no libro de actas. O nivel de detalle das actas atopadas nesta vila é considerabel, e inclúen unha tipoloxía moi ampla e variada. As actas comezan a escribirse mesmo antes da existencia da propia Xunta, posto que a primeira entrada fai referencia á recepción dunha orde procedente da Coruña, emitida polo intendente xeral de Galicia Juan Módenes, a partir da cal o dito organismo debería ser creado.

A partir de aí, concretamente o 10 de xullo de 1817, comeza a andaina dunha Xunta que podemos seguir durante dous anos. Especialmente completas son as actas que van dende o momento da súa creación até xaneiro de 1818. A continuación entramos nunha época na que aparecen algunhas lagoas e na que se detecta documentación ausente, para volver a un correcto funcionamento e orde das actas no momento a cabalo entre finais do 1818 e principios do 1819. Polo tanto, en primeiro lugar e seguindo o artigo 12 da instrución para o repartimento e cobranza da contribución a Xunta é creada e integrada polos cargos correspondentes, tal e como podemos ver na imaxe 6. Resulta moi interesante tamén que a seguinte actuación que se leva a cabo: é a elección dos peritos repartidores, que deben xurar o desenvolvemento da súa acción ante a xunta. Varias actas refírense aos xuramentos dos encargados dos apeos en diversas parroquias (imaxe 7).

Grazas a unha destas actas podemos comprobar cales eran as parroquias que quedaban baixo o influxo da Xunta de repartimento de Pontedeume organizando o seus repartimentos. Estas eran, ademais de obviamente a propia vila, outra vinte e seis en total e reflectímolos a continuación: Santa María de Centroña, Santiago de Boebre, San Xurxo de Torres, San Cristovo de Guimil, Santiago de Vilamateo, Santa María de Ombre, San Cosme de Nogueirosa, San Martiño de Andrade, San Pedro de Vilar, San Miguel de Breamo, Santa María de Doroña, San Pedro de Grandal, Santiago de Franza, San Xoán de

Acto.

En la Villa de Pontedeume a once dias del mes de Julio año de mil ochocientos diez y siete. El Sr. D.ⁿ Nicolás de ^{me} ~~Barros~~ Alcaide mayor en ella, habiendo visto y visto el exemplar del soberano decreto de remita de Mayo último con la instrucción en el mismo, hecha, y oficio que le siguen: afin de darle el mas pronto y exacto cumplimiento y con especialidad al artículo doce de dicha instrucción por el que se manda crear una junta en todos los Pueblos para conocer en la contribución de que trata: para que esta sea formada de los sujetos que señala manda salir para el competente oficio para que a los diez de la mañana del día entrante concurran a las Casas Comisionales para enterarles del contenido de dhas. ordenes, y en seguida proceda la junta al desempeño de sus deberes. Y por este asi lo determinó y firmó de que yo el Sr. D.ⁿ enando al de Ayto. Doy fe

Imaxe 6: Detalle da primeira acta da xunta de repartimento de Pontedeume na que se ordena que se envíen avisos ás persoas que conformarán este organismo

Imaxe 7: Detalle da acta de xuramento de cinco peritos repartidores

Jura de 5. Peritos y

Nicolás
Alcaide

En dhas. Casas Comisionales, y dia once de Julio de mil ochocientos diez y siete. En conformidad del acuerdo precedente, y combocaronia pasada a los señeros que señala, concurrieron D.ⁿ Diego Rodriguez, D. Juan de Mella, Josef Fran.^{co} Sorio, Pedro Pinedo y Bernardo de Lamas, quienes enterados del nombramiento de Peritos reparadores de la caridad y premio que menciona, juraron en manos del señor Alcaide mayor y Presidente de usar y desempeñar bien y fielmente el prenombrado encargo segun lo que supieren alcanzar y entendieren, sin dolo fraude, ni engaño alguno, y lo firman con los señeros de la junta de que yo el Sr. D.ⁿ Doy fe

Piñeiro, San Tomé de Bemantes, Santa María de Miño, Santiago de Barallobre, Santo Estevo de Perlío, San Vicente de Meá, San Martiño do Porto, Santa Eulalia de Limodre, San Salvador de Maniños, San Mamede de Laraxe, San Salvador de Fene, Santa Mariña de Sillobre, San Xurxo de Magalofes. Porén, dentro das actas da xunta soamente se conservan varios repartimentos que se realizaron de forma proporcional segundo a riqueza de cada parroquia. Esta asignación fíxose segundo parece de xeito bastante precipitado e estaba baseada nun repartimento anterior que se fixera en 1811 para as mesmas parroquias. O repartimento fíxose polo tanto collendo a proporcionalidade de 1811 e trasladándoa por necesidade a 1817, momento no que se realizaba esta nova asignación. A propia xunta laméntase da destrución e conseguinte perda doutro reconto realizado en 1800 para o reparto dunha contribución de trescentos millóns. Isto debeuse segundo indica a propia acta aos danos causados polas tropas francesas no arquivo da vila, e entendemos que se debía tratar quizais dunha asignación máis fiable pese a ser dunha década antes, de aí o lamento.

Este tipo de datos son os que fan que as actas desta xunta sexan tan importantes, porque nos achegan á realidade cotiá do labor que desenvolveron e, de xeito moi directo permítenos coñecer os diferentes problemas aos que tiveron que facer fronte así como o modo en que se resolveron. Isto transforma a fonte que estamos a analizar nun conxunto de datos particular e único, xa que poderemos atopar outras actas quizais semellantes, pero nunca iguais, pois os feitos acontecidos na vila en Pontedeume non tiveron por que darse noutros lugares do territorio. Todas esas problemáticas coas que a xunta tivo que tratar permiten ver tamén como funcionou o proceso de verdade, xa que por suposto non era tan simple como se podía pintar sobre o papel dende o ámbito do lexislador que elaborou o sistema. Obviamente apareceron inconvenientes dende o primeiro momento, quedando todos eles reflectidos nas actas que aquí analizamos.

En primeiro lugar, xa tras o nomeamento dos peritos repartidores, comeza a problemática sobre a correcta asignación das cantidades a pagar por parte da propia vila, pois a xunta, dous días despois da súa instauración, emite unha queixa ao intendente do reino na que considera que debe haber algún erro na asignación por ser considerada abusiva. Hai varias actas que se refiren ao problema, considerando a xunta que a solución pasa por nomear dous encargados para que actúen como consideren oportuno a fin de resolver os agravios:

“Al paso que este ayuntamiento desea la mas eficaz ejecución y cumplimiento del soberano decreto de 30 de mayo de 1817 (...) no puede mirar con indiferencia el contingente 70.449 rs que se cargaron al casco de esta villa, teniendo que aprontarlos un corto número de vecinos, respecto la mayor parte de ellos son pobres, y aquellos no tener mas hacienda aquí que las casas de su habitación. (...) Considerando la corporación que en el repartimiento no pudo menos de haver havido alguna equivocación, y para

que esta sea deshecha (...) resolbio en sesión de hoy comisionar a VSS como Rexidor y Diputado de la misma, para que en el particular eleben las representaciones conducentes, y practiquen las mas gestiones a conseguir el notable desagravio (...) a cuyo efecto el ayuntamiento les habilita con todas las facultades que sean precisas”.

Esta cuestión rematará cinco días despois, o 17 de xuño de 1817, conseguindo a xunta a elaboración dun novo repartimento para o territorio baixo a súa administración, que tamén figura nunha acta datada o mesmo día. Outros problemas, porén, non terán unha solución tan rápida. Por poñer un exemplo citamos o caso dunha pugna entre os peritos repartidores de San Miguel de Breame e San Pedro de Vilar por establecer en cal das dúas parroquias deberían contribuír un pequeno grupo de casas situadas nos lindes entre ambas as dúas. Esta disputa iniciárase a mediados de outubro do mesmo 1817, pero non atopará solución até meses despois, en febreiro do ano seguinte.

Outro problema grave co que se vai enfrontar a xunta é o absentismo das persoas encargadas de levar a cabo determinadas tarefas vitais para o correcto desenvolvemento dos apeos e da posterior cobranza das cantidades asignadas a cada veciño. Con especial importancia destacamos os mecanismos de libranza que algúns individuos empregaban para eludir o chamamento que dende a xunta se realizaba para que desempeñasen algún cargo. O 24 de agosto de 1817, por exemplo, a xunta acorda nomear a un veciño como depositario dos pagos que as diferentes parroquias fosen recadando, pero este veciño negase a prestar o servizo acolléndose á exención que lle proporcionaba o “fuero que dice goza de Marina”. En consecuencia, o 3 de setembro é nomeado como novo depositario dos pagos outro veciño, comprometéndose esta vez si o individuo citado a exercer fielmente o seu cometido. Máis adiante, xa nas actas correspondentes a febreiro de 1819 temos novos exemplos de peritos que alegan doenzas para non aceptar o seu nomeamento:

“(...) Estando juntos los señores que abajo firman se hizo presente un oficio de D. Joseph Francisco L. escusandose de acetar el encargo de perito repartidor para que ha sido nombrado, y respeto la indisposición que en el expone, no le priba de poder desempeñar los deberes del mencionado encargo, acuerdan que el señor Presidente le manifieste lo conbeniente a que concurra sin mas escusa a las seis de la tarde del dia siete del actual a hacer la acetacion y jura que le esta prevenido. Y respeto a D. Joseph Andrés V. otro de los nombrados, se ha presentado a esta corporacion manifestando que en observancia de las soberanas resoluciones no podia escusarse de acetar, desde luego lo haría con la protesta de ser exhonera-do (...)”.

Por outra banda, as propias parroquias que se atopaban baixo a coordinación da xunta de Pontedeume tamén supoñían outra fonte de problemas para o correcto desenvolvemento das funcións deste organismo. Os problemas procedentes das parroquias son presentados en forma de agravios fronte ao que consideran un reparto abusivo. Normalmente teñen un efecto chamada, posto que cando unha parroquia expresa o seu descontento, adóitase ver reflectido nas actas dos seguintes días a outras parroquias que seguen o exemplo da primeira e protestan tamén en contra das súas respectivas asignacións. Despois do episodio que foi citado unhas liñas máis arriba sobre a consecución dun novo reparto que foi presentado o 17 de xuño de 1817, a parroquia de San Salvador de Maniños

oficio. Y

entraña
debe
decano
decano

La Xunta de contribución de Puente de Maniños.

Para saber a los Pedaneos que al marxen señalada
 Haberle pasado el oficio que dice así: El Señor Intendente
 Genl. de este Reino en oficio de 25. de Agosto último
 me dice lo siguiente. Luego que sea pasado el día cuatro de
 Setiembre próximo, me remitirá P.S. noticia de los Pueblos q.
 en dho. día no hayan satisfecho las repúblicas uoqz que se
 han tocado en el repartimto. de la Contribucion Genl. y sin
 pensión disponda P.S. se despachen los apremios correspond.
 a los que resulten morosos graduando su regla de las cuotas
 en que se hallen lo que traslado a Vm. p. en quenta con
 plinimto en el supuesto de que pasado el término pre
 fijado se despacharán irremisiblemente los apremios de termi
 nado para dho. Señor Intendente

En consecuencia todo los Ped. concurrían dentro de veinte
 y cuatro horas a dar razón a esta Xunta de esta contrib.
 y remitida lo cuota o contante. De un república Paro. o
 Parroq., en el concepto de que no se despachasen
 contra ellos los apremios correspond. y oeran responsables
 a demar. de los que expida la Capital de Bro. : auyo por
 dho. Ped. pasaron esta de uno a otro sin llamar libe
 tación por el año. q. va señalado al marxen anotando
 todo a contribucion de esta an. de queda enterado y
 el ultimo la presentara en la dha. de esta Xunta
 Puente de Maniños. 6. de Set. 6. de 1817.

Imaxe 8: Detalle dunha das numerosas ordes de prema, nas que a xunta demanda a máxima presión aos peritos para entregar as cotas correspondentes a cada parroquia

non acepta a nova cantidade que lle é asignada e considérase a si mesma coa capacidade de establecer unha xunta propia. O episodio remata coa intervención do intendente, que comunica o sometemento de Maniños á xunta da vila de Pontedeume.


Todos estes problemas contribúen a empeorar o que será o maior impedimento de cara a facer efectivos os cobros da contribución única, e que non é outro que os atrasos acumulados. A temática que se repite de forma máis numerosa nas actas diarias da xunta de Pontedeume é a que fai referencia ao acordo dos seus integrantes para enviar “ordres de prema” a parroquias, peritos e contribuíntes co obxectivo de que cumpran o máis axiña posible coas súas obrigas (ver imaxe 8). Pese a todos os esforzos da xunta, os peritos rara vez cumpren a tempo cos encargos de realizar a tempo os apeos e o establecemento das cantidades proporcionais a pagar por cada veciño, sucedendo outro tanto cando toca que os veciños paguen a súa cota unha vez que o traballo dos peritos repartidores ten rematado.

É posíbel que a novidade do novo proceso de recadación que se está a levar a cabo e a pouca amplitude dos prazos para realizar as diferentes tarefas encomendadas teña algo que ver con estes sucesos. Vendo as actas da xunta podemos observar como se publican de feito e con certa frecuencia decretos aclaratorios sobre a cobranza da contribución única. Outras veces os repartimentos iniciais estaban mal elaborados, o que daba lugar a queixas por parte das parroquias ou mesmo das propias xuntas e á conseguinte elaboración de novos cálculos de cantidades a dividir. Pero se quitamos todo isto e miramos a un nivel máis próximo ás persoas, a observación das actas permite ver tamén unha clara desidia por parte dos peritos, que debían ser apresurados en numerosas ocasións, e especialmente nos contribuíntes á hora de efectuar os pagamentos. O desinterese demostrado polas persoas era xeral, tal e como podemos comprobar novamente a través da lectura das actas da xunta. Por exemplo, o 17 de setembro de 1819 a xunta acorda levar a cabo a presentación do apeo correspondente ao segundo terzo do ano o día 19, a través da súa lectura nas casas do concello da vila. O anuncio da dita lectura realizaríase mediante bando municipal, deixándose precisamente dous días para que a noticia chegara ao maior número posíbel de habitantes. Pero na acta da xunta do día 19 o panorama é ben diferente:

“(...) para la lectura del libro de apeo formado por el dicho encargado, como día señalado por el ayuntamiento en el acuerdo y bando que anteceden, a pesar del tiempo que han permanecido en estas dichas casas [consistoriales], no concurrió vecino alguno al indicado objeto de la lectura, por lo que dichos señores reserban acordar lo conveniente acerca del particular con arreglo a lo prevenido”.

Nin un só veciño acode á lectura do apeo para saber a cantidade que lle corresponde pagar ou para comprobar se o inventariado dos seus bens é o correcto. En consecuencia, varios días despois, o 6 de outubro, a xunta decide nomear dous homes de cada

rúa da vila, sendo en total vinte e dous os individuos citados, para que se presenten nas casas do concello o día 10 de outubro, momento no que se volverá ler novamente o apeo. Buscábase así dar voz sobre os datos do apeo a partir da difusión que lle darían estas persoas. Con todo, nas actas dos día 10 aparece reflectido que seis das persoas citadas non aparecen na casa do concello, o que dá lugar a que de inmediato se mande chamar a outras tres. Á súa chegada procédese á lectura do apeo o propio día 10, con case vinte días



Imaxe 9: Detalle do recibo de pagamento correspondente ao terzo de decembro de 1817 efectuado pola xunta de Ponteume. Pódese observar o considerábel retraso, posto que está datado en 8 de abril do ano seguinte

de retraso sobre a data inicial prevista, e sen que ningún dos presentes teña nada que alegar sobre os contidos do repartimento. Precisamente a derradeira entrada das actas da xunta de Pontedeume, datada a 11 de outubro de 1819, comenta que se enviou o apeo ás diferentes parroquias co obxectivo de proceder á súa lectura en todas elas, sen que cheguemos a coñecer os resultados dese proceso, aínda que probablemente poderíamos agardar resultados semellantes.

Vemos polo tanto como o retraso continuado por diversas causas se vai acumulando e remata por materializarse na entrega tardía da contribución definitiva, algo que se pode comprobar con observar soamente as datas nas que están selados os recibos que dan conta dos pagos na tesourería. Entre as actas da xunta de Pontedeume figura por exemplo o recibo de entrega do terzo correspondente ao mes de decembro de 1817. Porén, a data que figura no dito recibo é 8 de abril de 1817, sendo polo tanto o retraso acumulado de máis de tres meses, tal e como podemos observar en detalle na imaxe que figura a continuación.

Pero as actas da xunta serven tamén para coñecer a publicación de novos documentos por parte de administracións superiores e que axudaban á resolución de dúbidas que ían aparecendo sobre o proceso de inventariado e cobro. Inclúense por exemplo transcricións de reais decretos novos que complementaban e trataban de mellorar o proceso sobre a marcha que xa comentamos. Tal é o caso do documento datado en 31 de xullo de 1817 que establece a creación das Xuntas de Partido. Toda esta documentación aparece nas actas en forma de copias de oficio, nas que se reflicten documentos importantes para que constasen no diario da xunta. Con estas transcricións demostrábase o coñecemento deses novos decretos, así como a lectura dos mesmos nas sesións da xunta. Estes decretos non son os únicos documentos que se poden atopar reproducidos dentro da tipoloxía de copias de oficio. Podemos atopar tamén cartas que a xunta envía para resolver dúbidas e que xeralmente teñen como destinatario o intendente da Coruña. De forma xeral, o escribán anota na acta dunha sesión que se enviou unha carta preguntando unha serie de dúbidas, reproducindo a continuación de forma íntegra o contido da carta. Grazas a isto podemos coñecer o contido desa correspondencia xerada nas actuacións da xunta.

4. CONCLUSIÓNS

Diciamos cara ao comezo destas páxinas que o sistema de Contribución Única fracasara por mor de que os grupos sociais dominantes, nobreza e igrexa, viran ameazados os seus privilexios. Tamén como resultado do rexeitamento que tería xerado o novo sistema entre as clases máis populares, temerosas de posibeis subidas de impostos, pensando que quizais se o sistema cambiaba, as cantidades coas que terían que contribuír pasarían a ser cargas maiores e máis difíciles de afrontar. Pero despois de analizar as fontes manexadas, especialmente as actas das xuntas de repartimento, podemos dicir tamén

que o fracaso deste sistema se debeu a unha coxeira de base que xa estaba aí no mesmo momento no que o sistema se deseñou e se puxo en marcha. A necesidade para sanear o sistema de facenda da monarquía precipitou todos os acontecementos e a toma de decisións, de tal xeito que se cometeron numerosos erros xa no establecemento das bases do que sería o novo sistema de recadación. Proba disto son as frecuentes dúbidas que as xuntas presentan de cara a aspectos básicos sobre os repartimentos que debían organizar. Porén, isto que dicimos pode constatarase sobre todo se temos en contan a aparición continua de reais decretos que ían na dirección de corrixir erros e resolver dúbidas, demostrando así que o sistema tampouco estaba moi ben deseñado e que sufriu diversas taras dende o seu comezo.

Recordemos tamén que a través das actas podemos observar que os cálculos iniciais de repartimento proporcionais enviados ás diferentes parroquias estaban mal elaborados, o que no caso de Pontedeume dera lugar como apuntamos a queixas por parte da xunta e á elaboración dun novo reparto o 17 de xuño de 1817. Pero de novo e tras o Real Decreto do 31 de xullo no que se establecían diversos cambios na cobranza ademais da creación das Xuntas de Partido en Santiago, Betanzos, Lugo, Ourense, Tui e Mondoñedo, novos repartimentos foron elaborados, o que supuxo que outra vez se tivesen que establecer novas cotas proporcionais ás parroquias. Porén, todos estes contratemplos non se traduciron en ampliacións no prazo para o cobro das cantidades correspondentes, que seguiu estando fixado para o 1 de setembro, até que finalmente rematou chegando á xunta de Pontedeume un comunicado do intendente Xoán Módenes no que se concedía unha pequena prórroga até o día 10 dese mes. Estes barullos administrativos constantes contribuíron tamén seguramente a debilitar máis aínda o novo sistema, que parecía incapaz de cumprir uns prazos establecidos.

E por último, entre os feitos que máis puideron contribuír a debilitar o sistema progresivamente e a afundilo de xeito definitivo, ademais das actitudes opostas e dos atrasos constantes, estarían a desidia por parte dos peritos e os atrasos nos pagamentos por parte das persoas contribuíntes. Estes comportamentos eran sen lugar a dúbidas a materialización desa oposición latente entre as clases populares, temerosas da suba nos seus impostos. De xeito pasivo pero constante, esta oposición foi minando dende a base da poboación o novo sistema de facenda, que terminou por colapsar a todos os niveis: político, administrativo e social. Sería un tanto perigoso afirmar dende o noso punto de vista que estes factores tería conseguido afundir o sistema de xeito individual, pero consideramos que todos eles ao unísono e de forma combinada, foron debilitando progresivamente os seus cimentos dende o primeiro momento. Ao final de todo este camiño, a destitución final relativamente de forma temperá de Martín de Garay como ministro de Facenda supuxo o punto e final deste intento de reforma do sistema de facenda da monarquía hispánica nos primeiros compases do século XIX.